

## REQUISITOS PARA A SOLICITUDE DE FASES FINAIS AUTONÓMICAS 21-22

Lembramos que por acordo da Asemblea Xeral, calquera club ou institución poderá solicitar a organización de calquera Final 4 independentemente de que sexan participantes ou non; de haber unha solicitude por parte dunha institución, se hai club local, este, deberá cumprir cos requisitos marcados neste documento no momento da solicitude.

Todos os clubs ou institucións interesados/as deben enviar un correo electrónico en tempo e forma a: [adminitracion@fgbalonman.com](mailto:adminitracion@fgbalonman.com) e [info@fgbalonman.com](mailto:info@fgbalonman.com); nese correo deberá figurar o nome da fase solicitada, o/a solicitante e o proxecto para a súa celebración.

Calquera solicitude que non cumpra os seguintes requisitos será desestimada de xeito inmediato:

1. Estar ao día economicamente coa Federación Galega de Balonmán en canto aos pagos de: mutualidade, arbitrxes, sancións, dereitos de participación ou calquera concepto relacionado coa organización de encontros ou fases de competicións organizadas pola FGBm.
2. Ter correctamente metidos todos os datos de contacto do club na plataforma MiSquad, ademais dos seguintes documentos:
  - CIF
  - Estatutos
  - Acta de Xunta Directiva debidamente actualizada no rexistro da Secretaría Xeral Para o Deporte da Xunta de Galicia.
3. Non ter ningunha sanción por parte do Comité de Competición da FGBm relacionada coa violencia no deporte na presente campaña (cartón violeta).
4. As Final 4 da mesma categoría e diferente xénero, celebraranse na mesma sede; polo tanto a solicitude implicará a organización da Final 4 masculina e feminina.

## CONDICIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FASES FINAIS

Será de obrigado cumprimento por parte dos organizadores:

- **ACTO DE PRESENTACIÓN:** Dentro dos dez días previos á celebración da fase deberá realizarse unha presentación oficial aos medios de comunicación do evento onde o club debe convidar a: Federación Galega de Balonmán, Secretaría Xeral Para o Deporte, Deputación Provincial e Concello, ademais de patrocinadores ou colaboradores que considere o club.

- **AMBULANCIA OU MÉDICO:** Será responsabilidade do organizador ter un médico ou ambulancia a unha distancia próxima ao evento, para que en caso de urxencia poida dar asistencia dun xeito eficaz. Recordamos que a FGBm ten un acordo con Ambulancias COEXAM, no que por 250€ cubriría tres días de sector (4 horas por día).

- **TENDA FGBm:** Habilitar unha zona de 3 metros cadrados na instalación de xogo a disposición da FGBm para colocar unha tenda.

- **AUGA:** O organizador debe proporcionar a auga para os equipos visitantes...

- **OFERTA DE ALOXAMENTO:** En caso de que algún dos equipos clasificados se atope a máis de 130 km de distancia da sede de xogo, o organizador debe presentar unha oferta de aloxamento en réxime de pensión completa nun lugar o máis próximo posible á instalación de xogo, esta oferta debe presentarse en tempo e formar coa solicitude. É recomendable presentar diferentes alternativas.

- **HORARIOS:** Os horarios dos encontros deberán ser aprobados polo departamento de competicións da FGBm a proposta do/a organizador/a.

### CANON FASES FINAIS

CATEGORÍA	FASE	DATA CELEBRACIÓN	*DATA LÍMITE SOLICITUDE	NÚMERO EQUIPOS	CANON
1ª Aut. Sénior	Final 4 Sénior 1ª Aut. Masculina e Feminina	23-24 Abril 2022	7 Abril 2022	8	4.000€
	Copa Sponsor Sénior Masculina 1ª Aut.	28-29 Maio 2022	1 Maio 2022	4	1.000€
2ª Aut. Sénior	Final 4 Sénior Masculina 2ª Aut.	14-15 Maio 2022	1 Maio 2022	4	1.500€
	Copa Sponsor Sénior Masculina 2ª Aut.	21-22 Maio 2022	8 Maio 2022	4	800€
Xuvenil	Final 4 Liga Ouro Xuvenil Masculina e Feminina	2-3 Abril 2022	22 Marzo 2022	8	2.000€
	Final Copa Galicia Xuvenil Masculina e Feminina	21-22 Maio 2022	1 Maio 2022	8	800€
Cadete	Final 4 Liga Ouro Cadete Masculina e Feminina	7-8 Maio 2022	20 Abril 2022	8	1.200€
Infantil	Final 4 Liga Ouro Infantil Masculina e Feminina	14-15 Maio 2022	27 Abril 2022	8	1.200€
Alevín e Benxamín	Final 4 Liga Alevín Bm. 7	21-22 Maio 2022	1 Maio 2022	12	1.200€
	Final 4 Alevín e Benxamín Bm. 5	28-29 maio 2022	1 Maio 2022	28	1.200€

\*O prazo de solicitude remata o día que figura na táboa superior, ás 20:00 horas; polo tanto o formulario debe enviarse antes desa hora.

O canon, no caso das Final 4, o canon inclúe:

- Arbitraxes.
- Streaming (5 cámaras + produción + comentaristas + publicidade organizador).
- Decoración pavillón.
- Trofeos para os 5 primeiros clasificados da Liga 21-22.
- Detalle para cada xogador/a e adestrador/a dos tres primeiros clasificados da Liga 21-22.
- Montaxe cerimonia final.
- Envío invitacións autoridades.

No caso das demais fases, o canon inclúe arbitraxes e trofeos. As fases finais que non figuren no presente documento serán adxudicadas pola FGBm en función do interese promocional.